

Responde si as seguintes afirmacións son **verdadeiras** ou **falsas**. Na mesma pregunta pode haber unha falsa e outra verdadeira, pero tamén pode darse o caso de que as dúas sexan verdadeiras ou que as dúas sexan falsas.

**En minúsculas, en feminino e en singular as respostas.**

**Afirmación 1**

- a) A dixestión é o proceso polo que os alimentos e as bebidas que tomamos se descompoñen en nutrientes que o corpo pode usar para obter materia e enerxía.
- b) O encargado de realizar esta tarefa é o aparato dixestivo

**Afirmación 2**

- a) O aparato respiratorio está formado polo tubo dixestivo y polas glándulas anexas
- b) O aparato excretor está formado polo tubo dixestivo e polo tubo excretor

**Afirmación 3**

- a) As glándulas anexas. Son órganos que axudan na dixestión do alimento vertendo ao tubo dixestivo as súas secrecións:
- b) O tubo dixestivo. Comeza no estómago e remata no ano.

**Afirmación 4**

- a) Os incisivos son os dentes que normalmente usas para dares bocados e cortares o alimento
- b) Os premolares e os molares son puntiagudos, polo que permiten esgazar os alimentos máis duros

**Afirmación 5**

- a) Os primeiros dentes que aparecen na infancia forman a dentición de leite. Caracterízanse por ser temporais
- b) Os primeiros dentes que aparecen na infancia forman a dentición de leite. Caracterízanse por ser definitivos



### **Afirmación 6**

- a) Mentres se mastiga o alimento vaise mesturando coa saliva, un líquido que segregan as glándulas salivares e que axuda na dixestión.
- b) A saliva tamén ten unha función de defensa, xa que destrúe algunhas bacterias que se atopan nos alimentos.
- 

### **Afirmación 7**


- a) O estómago é o órgano en forma de baúl encargado de acoller o bolo alimentario que permanecerá aí varias horas antes de pasar ao intestino
- b) O estómago é unha parte do tubo dixestivo especializada na dixestión do alimento. As súas paredes interiores son lisas e estíranse a medida que o estómago se enche
- 

### **Afirmación 8**

- a) O fígado, un órgano que desenvolve centos de, produce bile, un líquido que actúa dissolvendo as graxas.
- b) O páncreas e o fígado verten os seus zumes cara ao intestino groso, contribuíndo con eles á dixestión do alimento
- 

### **Afirmación 9**

Nesta imaxe, o nome do órgano que aparece tapado é o ....



- a) Corazón
- b) Páncreas
-



### Afirmación 10

- a) No intestino groso absórbese a auga e outras substancias de pequeno tamaño. Deste modo vaise formando pouco a pouco unha masa máis dura que dará lugar ás feces.
- b) As feces conteñen todas aquelas substancias que non puideron ser aproveitadas polo organismo. Expúlsanse ao exterior a través do ano.
- 

### Afirmación 11


- a) Enfermidade celíaca: é unha enfermidade que afecta ao fígado
- b) Hepatite: é unha enfermidade na que o intestino está afectado pola presenza de gluten, unha proteína presente na fariña de trigo que lle outorga a este cereal grande parte do seu valor nutritivo.
- 

### Afirmación 12

- a) A auga é o compoñente maioritario do noso corpo. Cando nacemos o noso corpo ten o 60% de auga e cando somos adultos o 75%.
- b) A auga Encóntrase tanto nos alimentos líquidos coma nos sólidos.
- 

### Afirmación 13

Na seguinte imaxe referente ao aparato respiratorio ademais do osíxeno que outras substancias adquire o noso corpo?



- a) Nutrientes
- b. Calcio
-



### **Afirmación 14**

- a) As vías respiratorias: son unha serie de condutos que transportan o osíxeno ata os pulmóns e o dióxido de carbono ao exterior
  - b) Os pulmóns: son os órganos encargados de realizar o intercambio de gases entre o aire e o sangue
- 

### **Afirmación 15**

- a) Dentro das fosas nasais o aire quéntase grazas á calor do noso propio corpo
  - b) Nas fosas nasais atopamos os mocos, que non serven para nada
- 

### **Afirmación 16**

- a) Para mover o aire polas vías respiratorias e os pulmóns realízase a ventilación pulmonar, que consta de dous movementos:
    - a. A inspiración, que provoca a saída do aire ao exterior.
    - b. A expiración, que provoca a entrada do aire nos pulmóns
  - b) Para mover o aire polas vías respiratorias e os pulmóns realízase a ventilación pulmonar, que consta de dous movementos:
    - a. A inspiración, que provoca a entrada do aire nos pulmóns.
    - b. A expiración, que provoca a saída do aire ao exterior.
- 

### **Afirmación 17**

- a) Do corazón saen as arterias, as cales se dividen sucesivamente para formar vasos moi finos, chamados capilares, que chegan a todos os tecidos do corpo.
  - b) Os capilares únense de novo para formar veas, que regresan ao corazón.
- 


### **Afirmación 18**

- a) O corazón sitúase no tórax. Está lixeiramente inclinado e rotado cara á dereita.
  - b) Divídese en dúas cavidades
-



### **Afirmación 19**

Esta é unha imaxe:



a) Do corazón

b) Dos pulmóns

### **Afirmación 20**

a) O movemento de sístole é un movemento de relaxación do corazón.

b) O movemento de diástole é un movemento de contracción do corazón

### **Afirmación 21**

a) O sangue é un tecido sólido de cor vermella formado por células que flotan nun líquido chamado plasma..

b) Os glóbulos vermellos son un grupo encargado de defender o noso corpo fronte a substancias extrañas e axentes infecciosos.

### **Afirmación 22**

a) O pulmón tamén é un órgano excretor

b) O dióxido de carbono é expulsado do corpo a través do aire que respiramos




### **Afirmación 23**

Como se chama o que indica a frecha?

a) Glándula sudorípara

b) Conduto sudoríparo



### **Escribe a palabra que se corresponde con cada definición**

a) Masa branda de comida que se forma ao mastigar e mesturar os alimentos coa saliva

b) Músculo plano que se sitúa debaixo dos pulmóns e separa a cavidade torácica da abdominal.

c) Organismo que non é capaz de fabricar o seu propio alimento. Os organismos heterótrofos obteñen a materia e a enerxía alimentándose da materia que produciron outros seres vivos

d) Líquido leitoso que contén substancias nutritivas e que se forma no intestino delgado a partir do quimo.

e) Substancia producida e liberada por unha célula ou grupo de células.